



Bases I Concurso Olladas 2015 para escolares: *A miña familia, antes e agora*

A vicepresidencia primeira, a área de Cultura e Turismo e a Rede Museística da Deputación de Lugo, co obxectivo de fomentar a participación, os valores da convivencia e a expresión artística convocan o «I **Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora**», para que o alumnado que cursa Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria nos diferentes centros de ensino existentes na provincia de Lugo, elabore un traballo dixital que servirá de deseño para difundir as actividades do **Día Internacional dos Museos 2015** nos catro museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.

BASES

PRIMEIRA. Participantes

Establécense tres categorías:

- 1.^a categoría: participantes de catro a seis anos
- 2.^a categoría: participantes de sete a nove anos
- 3.^a categoría: participantes de dez a catorce anos

Os participantes deben, obrigatoriamente, cursar os seus estudos en centros de ensino da provincia de Lugo.

SEGUNDA. Tema e características

O debuxo deberá ter en conta a temática proposta “**A miña familia, antes e agora**” tendo obrigatoriamente como referencia o cadro “*A miña familia*” de Xulia Minguillón. Esta obra, que se expón habitualmente no MPlugo, protagoniza a exposición **Olladas á “A miña familia” de Xulia Minguillón**, cuxa inauguración está prevista para o 5 de marzo de 2015 na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo)

A elección do tema e a elaboración do debuxo realizarase individualmente por cada participante, achegando co debuxo unha breve explicación do porqué da súa elección.

O contido do debuxo deberá ser orixinal e inédito, será de técnica libre, sempre que se presente en formato dixital.

O idioma será obrigatoriamente en galego.

TERCEIRA. Presentación e prazo

Os centros educativos designarán un titor ou titora que serán os encargados de subir os traballos de cada unha das categorías indicadas nas que participen. Os traballos deben enviarse a través da páxina web da Rede Museística usando o formulario establecido ao efecto.

Resolto o premio polo xurado, requiriránselles aos centros educativos os datos persoais de cada participante.

O prazo de presentación comeza o 26 de xaneiro e remata o día 30 de abril de 2015, ás 14:00 horas.

As características técnicas dos arquivos que se envíen serán as seguintes:

-Debuxo sen animación: formato «.jpeg». Mínimo 300 ppp. Tamaño mínimo A5.

-Debuxo con animación: formato «.gif». En ningún caso deben pesar máis de 1MB.

O proceso realizarase subindo un arquivo de cada vez.

Estas imaxes quedarán almacenadas nunha base de datos, quedando os datos cifrados e sen acceso.

CUARTA. Agasallos

Outorgaranse tres premios por cada unha das categorías.

Todos os participantes obterán un diploma pola súa participación neste concurso que será entregado nun acto presidido polo vicepresidente da Deputación de Lugo e o delegado de Cultura e Turismo.

1.^a CATEGORÍA: participantes de catro a seis anos

1.^o premio: xogo didáctico; pendrive; lote de libros; suadoiro; lapiseiros de cores e outro material divulgativo da Rede Museística.

2.^o premio: pendrive; lote de libros e lapiseiros de cores.

3.^o premio: pendrive e lapiseiros de cores.

2.^a CATEGORÍA: participantes de sete a nove anos

1.^o premio: pendrive; lote de libros; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística

2.^o premio: pendrive; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística.

3.^o premio: pendrive e material divulgativo da Rede Museística.

3.^a CATEGORÍA: participantes de dez a catorce anos

1.^o premio: pendrive; lote de libros; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística.

2.^o premio: pendrive; lote de libros e material divulgativo da Rede Museística.

3.^o premio: pendrive e e material divulgativo da Rede Museística.

PREMIO ESPECIAL

Outorgaráselle o Premio Especial ao mellor debuxo «I **Concurso Olladas 2015 para escolares: A miña familia, antes e agora**», que será a imaxe que usarán os Museos da Rede Museística para difundir as actividades do **Día Internacional dos Museos 2015**

Premio: Tableta de última xeración; pendrive; suadoiro e material divulgativo da Rede Museística

Como complemento do Premio Especial serán agasallado o alumnado pertencente ao mesmo curso e centro de ensino de quen fose recoñecido co Premio Especial cunha viaxe cultural pola provincia de Lugo, con todos os gastos pagados (transporte, almuerzo, actividades... etc.)

Nota: incluíranse todas as clases que pertencen a ese curso. A,B,C...

Todos os traballos presentados serán expostos na páxina web da Rede Museística nos días anteriores e posteriores ao 18 de maio, **Día Internacional dos Museos 2015**.

QUINTA. Xurado

O xurado, presidido polo vicepresidente da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue, estará formado polo delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo; a xefa de Servizo de Cultura e Turismo; xerente da Rede Museística e a directora do Museo Provincial.

O fallo do xurado, que será inapelable, darase a coñecer o día 11 de maio de 2015 e a entrega dos premios terá lugar nun acto público o día 18 de maio de 2015, ás 12.00 h. no Museo Provincial de Lugo.

Á presentación de calquera dos traballos implica: a autorización para poder proceder á súa exposición e utilización, a aceptación destas bases e das decisións que adopte o xurado naqueles aspectos non previstos nestas.

Os traballos presentados quedarán en propiedade exclusiva da Rede Museística, podendo ser reproducidos e facendo deles o uso publicitario que se estime conveniente, con mención da súa autoría.

Os convocantes quedan facultados para introducir algunha modificación no debuxo dixital premiado se existise algunha dificultade técnica para a súa dixitalización ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

M^a Encarnación Lago González

Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo

pza. da Soedade s/n 27001 Lugo

tnos: 982-242112 / 699836883

xerencia@museolugo.org

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

encarnalago@yahoo.es



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO